

# Ámbito sociolingüístico. 3º

## 1. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Os contidos conceptuais están estruturados en dúas unidades por avaliación e en dous grandes bloques: Lingua e literatura onde se tratarán conxuntamente os idiomas galego e castelán facendo fincapé nas partes diferenciais e nos casos de interferencias e Ciencias sociais. A seguir destes aparecerán os contidos procedimentais e os actitudinais, a súa maioría de aplicación durante todo o curso.

### 1ª Avaliación

#### Unidade 1

##### Lingua e literatura

- **Comunicación.** A comunicación humana.
- **Gramática.** Tipos de palabras (1): Substantivo, adxectivo.
- **Ortografía.** Sons e letras. A sílaba: ditongos, tritongos e hiatos.
- **Lingua e Sociedade.** As linguas da Península Ibérica: orixe, evolución e actualidade.
- **Literatura.** Literatura e linguaxe literaria. Xéneros literarios. Idade Media: contexto histórico e artístico. A lírica profana –cantigas de amigo, amor e escarnio e maldicir , *As cantigas de Santa María*, a prosa e o teatro galego.
- **Técnica:** interpretación e elaboración de gráficos.

##### Ciencias sociais

- O planeta Terra. As partes da Terra. Os movementos da Terra. A orientación e a localización xeográfica.
- Espazos xeográficos naturais: o relevo, as augas, o clima, a vexetación. África, América, A Antártida, Asia, Oceanía, Europa –España, Galicia e Val Miñor.

#### Unidade 2

##### Lingua e literatura

- **Comunicación.** Texto oral e texto escrito. A linguaxe icónica.
- **Gramática.** Tipos de palabras (2): determinantes.
- **Ortografía.** Regras xerais de acentuación.
- **Léxico.** Que é? Formación de palabras. Lexemas e morfemas.

- **Literatura.** O mester de xograría –*El Cantar de mio Cid*, o mester de clerecía – *Libro de buen amor*, e o conto –*El conde Lucanor*, a lírica popular castelá e a lírica culta do século XV, o *Auto de los Reyes Magos* e *La Celestina*.
- **Técnica:** interpretación e elaboración de resumos, esquemas...

### **Ciencias sociais**

- O estudo da poboación. Distribución da poboación. Evolución da poboación. Movementos migratorios. A poboación española, galega e do Val Miñor.

## **2ª AVALIACIÓN**

### **UNIDADE 3**

#### **Lingua e literatura**

- **Comunicación.** Medios de comunicación (1): prensa escrita.
- **Gramática.** Tipos de palabras (2): pronome e verbo.
- **Ortografía.** Acentuación (2): o til diacrítico.
- **Léxico.** As familias léxicas. Dicionarios e enciclopedias.
- **Literatura.** Contexto histórico e artístico dos Séculos Escuros e dos Siglos de Oro. *Lazarillo de Tormes*. Garcilaso de la Vega.
- **Técnica:** A busca de información.

#### **Ciencias sociais**

- Organización política das sociedades. Réximes do mundo. Estados do mundo. Unión Europea. Organización política e administrativa de España, Galicia e o Val Miñor.

### **UNIDADE 4**

#### **Lingua e literatura**

- **Comunicación.** Medios de comunicación (2): radio e televisión.
- **Gramática.** Tipos de palabras (3): adverbio, preposición, conxunción, interxección. A frase.
- **Ortografía.** Siglas, acrónimos, abreviaturas e símbolos.
- **Léxico.** O campo semántico. As relacións semánticas.
- **Literatura.** *Don Quijote de la Mancha*. Góngora, Quevedo e Lope de Vega.
- **Técnica:** A presentación de textos.

## Ciencias sociais

- A actividade económica. Actividades do sector primario, secundario e terciario. Actividades económicas en España, Galicia e o Val Miñor.

## 3ª AVALIACIÓN

### UNIDADE 5

#### Lingua e literatura

- **Comunicación.** Tipoloxía textual. Textos narrativos, dialogados e descritivos.
- **Gramática.** A oración simple. Suxeito e Predicado.
- **Ortografía.** Puntuación. Uso das grafías b, v; h.
- **Léxico.** Voces patrimoniais, semicultismos, cultismos, neoloxismos
- **Literatura.** O século XIX galego: contexto histórico e artístico. Os precursores, a Ilustración e o Rexurdimento –Rosalía, Curros e Pondal.

#### Ciencias sociais

- A globalización. Desenvolvemento e subdesenvolvemento. As desigualdades no mundo. Organismos internacionais e políticas de cooperación.

### UNIDADE 6

#### Lingua e literatura

- **Comunicación.** Textos expositivos, explicativos e formais.
- **Gramática.** Os complementos verbais.
- **Ortografía.**.. Uso das grafías c, q, k, z; i, ll, y; x; g,j. Os grupos ct e cc.
- **Literatura.** O século XVIII castelán: contexto histórico e artístico. O Neoclasicismo castelán –*El sí de las niñas*.

#### Ciencias sociais

- A explotación do medio natural. Problemas e solucións. Problemas medioambientais e desenvolvemento sostible en España, Galicia e o Val Miñor.

## 2- TEMPORALIZACIÓN

Dado que dispomos de nove sesións semanais, distribuímos os bloques de contidos recollidos no currículo oficial de acordo coas tres avaliacións nas que se divide o ano escolar, como se deixou xa secuenciado no apartado anterior.

En xeral, estimamos abordar dúas unidades por trimestre, se ben, como é lóxico, pode ser necesario máis tempo nalgúns temas e menos noutros, aspecto que valorará o profesor encargado deste nivel, segundo as necesidades da aula.

### - MÍNIMOS ESIXIBLES

- Ler con fluidez diferentes tipos de textos, tendo en conta: articulación, ton e intensidade de voz, acentuación e pausas.
- Elaborar textos escritos dunha ampla tipoloxía textual, onde se manipule e analice o funcionamento dos elementos lingüísticos no nivel textual (adecuación, cohesión, corrección), morfosintáctico e léxico, para mellor comprender os textos alleos e para mellorar as propias producións.
- Realizar exposicións orais planificadas, claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais.
- Captar e sintetizar o sentido global dos diferentes tipos de textos, identificando o tema, as ideas principais e as secundarias, analizando criticamente os seus contidos e formulando finalmente un resumo da comunicación e unha opinión persoal sobre o sentido do texto.
- Utilizar as ideas propias e experiencias para a produción de textos de intención literaria, tendo como referencias os textos e os procedementos creativos analizados e traballados na clase.
- Utilizar as linguas galega e castelán oralmente con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.
- Coñecer e empregar as regras de ortografía básicas: acentuación, puntuación, uso de grafías.
- Analizar morfosintáctica da oración simple.
- Identificar o mecanismo da formación de palabras. Usar sinónimos e antónimos.
- Coñecer a orixe e evolución das linguas galega e castelá e a situación sociolingüística de Galicia, así como valorar a importancia da lingua galega como elemento vertebrador dunha comunidade con historia e cultura propia e comprender as dificultades coas que conta a súa normalización lingüística.
- Coñecer as principais etapas da literatura galega (ata o Rexurdimento) e castelá (ata o século XVIII): características, autores e obras máis importantes.
- Coñecer e identificar os dominios climáticos do mundo. Coñecer e identificar continentes e océanos.

- Coñecer e identificar a organización política do mundo.
- Coñece as actividades económicas e as súas consecuencias: degradación do espazo xeográfico, desigual distribución da riqueza, os movementos de poboación.
- Coñecer e identificar a xeografía física de España e de Galicia. Coñecer e identificar as autonomías.

#### **4- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación é un acto de reflexión sobre o proceso de ensinanza e os resultados acadados. Entendida como parte integrante do proceso educativo, orienta de forma permanente a aprendizaxe, polo que contribúe en si mesma á mellora do rendemento. Permite medir as capacidades logradas e debe atender ás tres clases de contidos: *procedementais* (prioritarios na aprendizaxe das linguas), *actitudiniais* (fundamentais nunha situación de desequilibrio na convivencia de dúas linguas) e *conceptuais* (permite observar se o alumnado comprende os conceptos e os aplica na práctica comunicativa cotiá).

Nesta etapa, e sobre todo na nosa área, os procedementos e as destrezas, así como as actitudes –en especial as derivadas da influencia que a situación sociolingüística exerce na valoración da nosa lingua e cultura-, deben ser prioritarios na definición dos criterios de avaliación. Así, o alumnado debe empregar a lingua galega con corrección e de forma reflexiva sen prexuízos nas súas propias producións. Na cualificación final entran, non só os resultados das probas de avaliación de competencia cognitiva, senón tamén a motivación e interese na materia, o grao de implicación e cooperación nas actividades cotiás, os exercicios de reforzo e ampliación e o uso de varios instrumentos de avaliación.

Contamos con variados *instrumentos de avaliación*, que son os mecanismos que permiten avaliar os obxectivos propostos e valorar se o alumnado é quen de superar a nosa materia:

1. *Observación directa* do traballo e actitude do alumnado na aula desde o principio de curso en diferentes momentos do traballo individual ou grupal para coñecer se aplica correctamente as técnicas de estudo, se é constante no traballo diario, se é consciente das súas dificultades, detectadas a través da autoavaliación, postas en común ou debates, xeito de participar nas explicacións ou entrevistas persoais con listas de control, fichas de observación dun faladoiro, fichas de avaliación dunha lectura oral, enquisas, informes ou gravacións; así mesmo, tense en conta a actitude persoal no traballo (hábitos de respecto, coidado polo material, iniciativa ou interese, etc.)

2. *Revisión de traballos* que terán que entregar ou expoñer oralmente na aula en cada trimestre, analizando dúbidas ou destrezas, a través do caderno de clase, observando o grao de corrección no léxico, ortografía, coherencia, cohesión e puntuación; a capacidade de aplicar a situacións concretas os conceptos e procedementos adquiridos.

3. *Revisión de probas específicas*: exercicios periódicos e probas orais e escritas que sirvan para comprobar se os contidos expostos na aula foron correctamente asimilados, as probas colectivas mensuais para revisar o traballado na aula ou as probas de recuperación trimestrais se for preciso.

#### **4- PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

Durante os primeiros días de clase levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado. Os procedementos serán basicamente de dous tipos:

1. A través da consulta dos informes académicos (XADE) e/ou da información existente no Dpto. de Orientación do centro.
2. A realización dunha serie de probas ao alumnado co obxectivo de comprobar...
  - a. O grao de atención e a comprensión oral: formular cuestións ou realizar actividades sobre un texto lido pola docente.
  - b. A expresión oral: realizar exposicións breves manifestando opinións ao respecto de temas de actualidade ou narrando anécdotas de carácter persoal, actividades realizadas durante as vacacións...
  - c. A comprensión lectora: formular cuestións ou realizar actividades sobre un texto lido polo alumnado nunha actividade individual.
  - d. A expresión escrita: elaborar textos de diferentes tipoloxías.
  - e. Os coñecementos básicos sobre os contidos da materia: responder a un cuestionario.

#### **5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

O noso sistema educativo fixa tres avaliacións ordinarias ao longo do curso e unha sesión extraordinaria en setembro. A función da *cualificación escolar* é reflectir o grao da aprendizaxe obtido nunha determinada secuencia de aprendizaxe e ao final de cada curso ou ciclo. Pero a nota de cada avaliación non é reflexo exclusivo dun único exame, senón que é o resultado sumativo das diferentes probas escritas e orais que se fan ao longo do trimestre, dos traballos de investigación que se propoñen, das lecturas que se levan a cabo e do traballo e actitude diarios do alumnado reflectidos no caderno do alumno e mais no do docente.

Xa que logo, na cualificación final valóranse os aspectos citados conforme aos seguintes criterios de cualificación:

Ademais partimos, nun primeiro momento, da avaliación inicial que pretende detectar o grao de coñecementos dos alumnos/as para, deste xeito, adaptar a programación dos contidos ás súas posibilidades, tendo en conta tamén as indicacións do Departamento de Orientación, coñecedor do currículo académico do alumno/a.

Das unidades programadas para cada trimestre farase un seguimento efectivo dos obxectivos perseguidos. Para logralo concretáronse os seguintes criterios de cualificación:

- a. Probas escritas dos contidos traballados na clase e exames de expresión oral que poñan de manifesto o dominio do alumno/a da lingua escrita e oral contarán sobre o 70% da nota global de cada avaliación.
- b. Control periódico do seu caderno de traballo, insistindo na súa posta ao día e na completa realización e corrección de todas as actividades realizadas, así como o interese, a motivación

e o grao de implicación e de participación nas actividades da aula serán criterios a ter tamén en conta na cualificación do alumno/a neste curso valorándose cun 15% da nota global de cada avaliación.

- c. A lectura de dúas obras literarias –unha en galego e outra en castelán para cada unha das tres avaliacións, tal e como se recolle no proxecto lector desta programación, realizándose en cada unha delas unha comprobación escrita e/ou unha exposición oral das mesmas. A cualificación deste criterio corresponde a un 15% da nota global de cada avaliación.

A puntuación máxima na materia será de dez puntos, e para obter a cualificación mínima (5) o alumnado deberá demostrar que adquiriu, cando menos, os obxectivos e os contidos establecidos nesta Programación.

### **Algunhas aclaracións a estes criterios:**

- a. Non se pode aprobar a materia tendo unha avaliación negativa na expresión escrita e/ou na expresión oral. Ambos aspectos son eliminatorios por separado, aínda que a suma dos restantes apartados alcance a nota suficiente. Queremos facer fincapé fundamentalmente na importancia do uso da lingua oral na aula, negándolle unha valoración positiva a aquel alumno que non se exprese en galego e ao mesmo tempo impedir que todo aquel que non se exprese con fluidez e soltura poida acadar unha nota de sobresaliente.
- b. No apartado das lecturas será obrigado ler dous libros por trimestre –un en galego e outro en castelán. No caso de non facelo, o alumno non pode levar unha avaliación positiva, aínda que nos outros apartados alcance a nota suficiente.
- c. No tocante ás faltas de ortografía descontaráselle ao alumno 0,1 puntos por falta grave (acentuación básica, acentuación diacrítica de frecuencia –á/a, dá/da, é/e, fóra/fora, máis/mais, nó/no, nós/nos, ó/o, óso/oso, présa/presa, vén/ven, vés/ves, vós/vos, o uso incorrecto das ortografía do verbo *haber* e do copretérito do verbo *ir*; a non realización das contraccións, tempos compostos, castelanismos frecuentes –conxunción *y*, perífrase verbo *ir+a+infinitivo*, días da semana, meses, cores, parentes...), debendo insistir na corrección e na fixación dunha ortografía correcta.
- d. No tocante á presentación de traballos ou probas escritas, descontaráselle ao alumno 1 punto por non respectar as marxes, ou por empregar erroneamente a tipografía dos títulos de libros, capítulos, títulos de poemas...
- e. Ao respecto dos puntos c e d deste apartado, aclarar que o desconto máximo será de 2 puntos.
- f. En xuño, se algún alumno/a non superou os obxectivos mínimos marcados para cada avaliación nas diferentes unidades programadas:
  - 1. Se ten unha avaliación pendente, obterá unha cualificación positiva se a nota da avaliación pendente non é inferior a 4 e a media das tres avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.
  - 2. Se ten unha avaliación suspensa cunha nota inferior a 4, poderá recuperar esa parte.
  - 3. Se ten dúas ou tres avaliacións suspensas, fará un exame cos contidos íntegros.
- a. Se en xuño non consegue a cualificación positiva na materia deberá presentarse á proba extraordinaria de setembro sobre os contidos íntegros do curso. Isto afecta tamén ao alumnado con esta materia pendente.

A profesora deixará ben claro estes conceptos para que o alumno saiba que vai ser avaliado

negativamente en función da non presentación de tarefas ou incumprimento das normas básicas establecidas ao comezo do curso. E tamén sabe que pode recuperalas mudando a súa actitude.

## **11.- PLANS DE TRABAJO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E PROCEDIMENTOS PARA A SÚA CUALIFICACIÓN**

O plan de traballo para o alumnado pendente de Lingua Galega nos cursos da ESO é o seguinte:

### **a. Mínimos esixibles**

O alumnado pendente remítese aos mínimos esixibles que figuran na programación de cada curso.

### **b. Programa de reforzo**

Aqueles alumnos que evidencien algunha dificultade nalgún dos aspectos contemplados nos contidos mínimos da programación terán un seguimento máis específico con tarefas adecuadas á súa situación.

### **c. Profesores implicados**

Será a xefa de Departamento a encargada de coordinar todo o relacionado co plan de traballo do alumnado pendente (convocar reunións, elaborar caderno de traballo e exames, fixar datas de exames, aclarar dúbidas...) , se ben é a profesora que imparte neste curso a encargada do seguimento máis inmediato deste alumnado.

### **d. Actividades de avaliación**

Proporcionaráselle ao alumnado coa materia pendente un caderno de actividades por trimestre, que deberá entregar completo e correctamente realizado na data sinalada. Tamén, deberá realizar unha proba escrita que versará sobre contidos contemplados no caderno.

### **e. Criterios para superar a materia pendente do curso anterior**

O alumnado deberá entregar o mencionado caderno trimestral e superar a proba por avaliación. Dito caderno é condición imprescindible para presentarse ao exame e cualificarase co 40% da nota global da avaliación, mentres que o exame valorarase co 60% .

De conseguir unha avaliación positiva o alumno xa estará exento de presentarse ao exame final extraordinario de pendentes do mes de xuño que só se reservará para aqueles alumnos/as que acadasen unha avaliación negativa, de acordo coas aclaracións feitas no apartado anterior de criterios de cualificación.

## **12.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

A nosa actividade como docentes é a de servir de mediadores e guías para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumnado, partindo do seu nivel de desenvolvemento; isto é, considerando tanto as súas capacidades coma os seus coñecementos previos.

Xa que logo, a metodoloxía empregada no desenvolvemento de calquera un dos bloques de contidos será eminentemente activa e práctica. Perseguirá fundamentalmente a competencia do alumnado para aprender a aprender e para mellorar a súa autonomía e a súa iniciativa persoal, do que se deduce que o labor do profesorado consistirá en estimular e orientar a actividade do alumno/a, motivando a súa continua intervención, favorecendo a súa participación na aula e facendo



que actúe de protagonista dentro do seu proceso formativo.

Tentamos estimular a capacidade de aprender a aprender e promover a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas, dándolle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica. Considerando o seu nivel de capacidade, procuramos contidos relevantes, organizados e relacionados tanto entre os diversos bloques de contidos coma entre as distintas materias. Fomentamos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumnado, contribuíndo ó establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

Promovemos o desenvolvemento de competencias básicas e específicas, facendo especial fincapé na adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa...) para que vaian articulando un modelo de aprendizaxe autónoma.

#### PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

O desenvolvemento da programación implica un exercicio continuo de autocrítica e reflexión e esixe a previsión de mecanismos de autorregulación. Así, para avaliar a programación, cómpre valorar unha serie de aspectos: se a secuenciación, temporalización, metodoloxía e actividades foron axeitadas; se a organización e aproveitamento dos recursos e materiais propostos foron os adecuados, etc.

Grazas á flexibilidade da programación, pódese reformar en calquera momento para a completa consecución dos obxectivos. Durante o curso, o docente debe detectar o grao de adquisición das capacidades e os posibles defectos da programación, como a desmotivación, a non significatividade da aprendizaxe, o interese por aspectos apenas tratados, etc.

Xa que logo, a avaliación da programación non é a simple medida dos resultados obtidos, senón un elemento regulador do proceso educativo, consensuado co departamento, e pódese realizar conforme aos seguintes criterios: grao de coherencia interna entre as accións emprendidas e os distintos elementos da programación, nivel dos obxectivos acadados, oportunidade da selección, distribución e secuenciación dos contidos nas unidades didácticas, aproveitamento dos recursos e materiais e adecuación dos criterios de avaliación.